

RESOLUCIÓN DO 14 DE MARZO DE 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE MARIÑEIRO/A PESCADOR/A NA MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE RIBEIRA

ANTECEDENTES

Debido á necesidade de compatibilizar a vida profesional e persoal coa formación, a Consellería do Mar contempla a modalidade da teleformación para os cursos de mariñeiro/a pescador/a, tal como indica o artigo 8 da Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto, esta dirección xeral convoca un curso de mariñeiro/a pescador/a na modalidade de teleformación para as persoas interesadas que se xestionará e titorizará desde a Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Os Reais decretos 4189/1982, do 29 de decembro, 1283/1987 do 2 de outubro, 1378/1997 do 29 de agosto e 1749/1999 do 19 de novembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, que traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras
- Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira
- Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro
- A Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 2 que a autorización, organización, seguimento, control e avaliación dos cursos e actividades formativas reguladas nesta orde, correspóndenlle á consellería en materia de pesca a través da dirección xeral con competencias en

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro. E no artigo 8 indica que os cursos regulados na orde poderán realizarse na modalidade de teleformación

- Decreto 149/2024, de 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, no que indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer

De acordo con todo o indicado anteriormente, esta dirección xeral RESOLVE:
Convocar un curso de mariñeiro/a pescador/a na modalidade de teleformación que será titorizado por persoal pertencente a Consellería do Mar.

Primeiro. O curso de teleformación de mariñeiro/a pescador/a terá unha duración de 50 horas. As datas de prematrícula, matrícula e realización do curso, así como o número de prazas son as seguintes:

- Datas de prematrícula: dende as 08:00h do 18 de marzo de 2025 ata ás 15:00h do 16 de abril de 2025
- Datas de matrícula: 10 días naturais a partir do día seguinte a facerse pública a listaxe provisional de persoas admitidas no curso no portal web de teleformación da Consellería do Mar. A relación das persoas admitidas será establecida en función da hora e do día da prematrícula.
- Datas do curso: do 19 de maio ao 25 de xuño e 2025
- Número de prazas: 60

A teleformación e o seguimento vía web do curso de mariñeiro/a pescador/a farase a través da "Aula virtual", a que se pode acceder desde o portal de teleformación da Consellería do Mar (URL: <https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion>) e contarase coa asistencia titorial do curso co obxecto de resolver as dúbidas que poidan xurdir cos seus contidos.

Segundo. Condicións de acceso a prematrícula do curso de mariñeiro/a pescador/a na modalidade de teleformación

As persoas interesadas poderán facer a prematrícula no portal de teleformación da Consellería do Mar (URL: <https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion>).

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



Para realizar a prematrícula será necesaria a identificación mediante o sistema de usuario e clave Chave365 ou un certificado electrónico.

A Chave365 pode solicitarse por dúas vías: a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento de alta en Chave365 ou, se o prefire, de forma presencial en calquera dos órganos ou unidades administrativas da Xunta de Galicia que realizan funcións de rexistro de usuarios Chave365, e que pode consultar en <https://www.xunta.gal/chave365/solicitud>

Tamén é necesario que as persoas usuarias da plataforma dispoñan dunha conta de correo electrónico persoal.

A prelación de admitidos/as o curso será a establecida en función da hora e do día da prematrícula.

Crearase unha lista de agarda por rigoroso orde de prematrícula a partir da última persoa admitida no curso. Esta lista poderá empregarse en caso de producirse baixas na matrícula do curso.

Terceiro. Prazos e documentación para formalizar a matrícula do curso

Establécese un prazo de matrícula de 10 días naturais a partir do día seguinte ao que se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas no curso na mesma dirección en que fixo a prematrícula (URL: <https://mar.xunta.gal/gl/formación/informacion-do-alumnado/teleformacion>).

As condicións de acceso e a documentación necesaria para matricularse no curso están recollidas no artigo 4 da Orde do 31 de xullo de 2014

A documentación a presentar é a seguinte :

- 1) Solicitud segundo modelo que figura como anexo II da Orde do 31 de xullo do 2014 **(PE607C)**
- 2) DNI ou NIE, no caso de que a persoa interesada non permita a súa consulta.
- 3) Declaración responsable de posuír aptitude para realizar unha proba de natación previa á realización do exame de coñecementos teórico-prácticos do curso (marcar na solicitude PE607C).
- 4) Acreditar unha formación mínima mediante calquera dos seguintes medios:
 - Certificación expedida pola consellería con competencias en materia educativa ou por unha administración educativa equivalente do Estado de ter superado o nivel 1 de ensinanzas básicas iniciais ou certificado equivalente.



- Certificado de ter superado un curso de alfabetización en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido por unha entidade pública ou privada.
- Declaración responsable da persoa solicitante de ter coñecementos básicos de lecto-escritura (neste caso, marcar na solicitude PE607C).

5) Xustificante do aboamento da taxa en vigor que outorga o dereito ao exame, cuxos códigos son os seguintes:

Taxa: código 30.19.00

Consellería do Mar: código 12

Servizos Centrais: código 13

Servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras: código 05

Cuarto. Presentación de documentación

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>). Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes electrónicas poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>)

Se a documentación presentada non fose correcta ou estivese incompleta, requirirase a persoa solicitante para que a subsane. En caso de non facelo, entenderase que desiste da súa petición e renuncia o curso.

O listado definitivo de persoas admitidas e excluídas publicaráse no portal web de teleformación da Consellería do Mar (URL: <https://mar.xunta.gal/gl/formación/informacion-do-alumnado/teleformacion>) e nos taboleiros de anuncios dos centros de ensino desta consellería.

As persoas admitidas ao curso comunicáraselle a confirmación da matrícula mediante unha mensaxe ao seu correo electrónico e poderán acceder a "Aula virtual" mediante as credenciais que se lle enviarán a este correo.

Quinto. Requisitos para acceder ao exame final do curso de teleformación de mariñeiro/a pescador/a

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



Unha vez rematado o curso de teleformación realizarase un exame final ante un tribunal, tal como se establece o artigo 18 da Orde do 31 de xullo de 2014, sendo necesario para presentarse a esta proba cumprir cos seguintes requisitos:

- Será obrigatorio revisar todos os módulos multimedia, así como realizar os correspondentes cuestionarios tipo test, que se poderán facer todas as veces que sexa necesario e sen límite de tempo; sendo a nota final a cualificación máis alta dos intentos realizados. É necesario ter nos cuestionarios un 50% de respostas correctas.
- Ademais será necesario, o día do exame final, superar unha proba de natación para poder realizar este exame.

A listaxe de persoas que superaron o curso e que teñen dereito a presentarse o exame final, así como as excluídas, publicárase no portal web de teleformación da Consellería do Mar.

A información do día e da hora de realización da proba de natación e do exame final do curso publicárase no portal web de teleformación da Consellería do Mar, e terá lugar na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira.

As persoas que non superen o exame ou non podan presentarse por motivos debidamente xustificadas, disporán dunha segunda convocatoria de exame, logo de autorizalo o servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras.

Sexto. Rematado o exame teórico-práctico, o tribunal do exame publicará no portal web de teleformación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino, unha copia do exame e a folla coas respostas correctas, co fin de que as persoas interesadas poidan comprobar o resultado do seu exercicio.

Unha vez corrixido o exame teórico-práctico, o tribunal fará pública a lista provisional das cualificacións no portal web de teleformación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles desde a publicación da lista provisional nos lugares indicados anteriormente, para facer reclamacións ante o tribunal contra as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o tribunal publicará a lista definitiva das persoas que superaron o exame teórico-práctico, nos mesmos sitios en que se publicou a lista provisional.

Sétimo. Contra a resolución do tribunal as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



da publicación da lista das notas definitivas no portal web de teleformación da Consellería do Mar.

Contra a resolución desta convocatoria poderán as persoas interesadas interpor recurso de alzada perante o conselleiro do Mar, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal web de teleformación da Consellería do Mar.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

